



XUNTA DE GALICIA

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - FAX 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

Nestes meses que levamos de curso os accesos ao Centro veñen pasando por diferentes etapas. Ao inicio do curso, a Alcaldía de Caldas decidiu que non entrase ningún tipo de vehículo na carballeira, prohibindo o seu uso por parte dos nosos autobuses e vehículos particulares (atendendo á necesidade de protexer ao alumnado do CPI Alfonso VII xa que este fai as súas entradas e saídas polo dito recinto).

O Instituto procurou negociar coa Alcaldía unha solución que atendese ás nosas necesidades sen encontrar resposta por parte do Concello. Posto isto en coñecemento do noso Claustro e Consello Escolar, o representante municipal neste Consello escolar presentou (conxuntamente co BNG) unha moción para que se puidese utilizar a Carballeira se así o decidían ambos centros educativos e sempre en función das súas necesidades. Esta moción foi aprobada no Pleno do 30 de setembro.

Nun Pleno posterior celebrado o 3 de novembro, o Alcalde (aproveitando a ausencia dunha concelleira da oposición e atendendo a una petición por escrito do Consello escolar e ANPA do colexio Alfonso VII que se acompañaban dunha serie de sinaturas) aprobou outra moción na que se impedía a circulación rodada pola carballeira de Caldas.

Desde ese momento solicitouse de modo reiterado por parte deste Instituto e a súa ANPA unha reunión onde os centros, os partidos políticos do Concello e a Policía Local buscasen unha solución que respectase as demandas de todas as partes e non resultase prexudicial para ningunha.

Finalmente, esa reunión tivo lugar o pasado día 20 de xaneiro e o Alcalde comunicou que só se permitía a entrada pola Carballeira entre as 8:30 e as 9:00 e entre as 14:00 e as 14:30. No resto dos tramos horarios tería que utilizarse sempre a pista da Mariñoieira e nunca se podería saír pola carballeira. Tamén se informou dun futuro arranxo da citada pista e díxose que desde ese momento a carballeira quedaría completamente pechada ao tráfico de vehículos particulares.

O Instituto pensa que estas medidas só serven para bloquear a necesaria comunicación do centro, único Instituto de bacharelato da contorna e polo tanto centro obrigatorio para moito estudiantado que debe acceder en vehículo particular (tanto desde o concello de Caldas como desde os concellos veciños)

Neste sentido, o noso Claustro e Consello Escolar púxose en contacto con todos os grupos políticos defendendo que se debe buscar unha solución que respecte a seguridade do alumnado do CPI Alfonso VII pero non prexudique ás necesidades do Instituto.

Como resultado deste contacto, sabemos que no Pleno de hoxe, día 27 de xaneiro, vai ser tratado no Pleno o asunto dos accesos ao Instituto. Se algún membro da nosa comunidade educativa (estudiantado, nais/pais de alumnos, traballadoras/es do Instituto) desexa informarse do que alí se fale, debería asistir ao dito Pleno e escoitar directamente o que alí se comente evitando que a información chegue a través de medios interpostos.